



## Información xeral de admisión. Curso 2018/2019

As ensinanzas de formación profesional conducentes á obtención dos títulos de técnico e de técnico superior están organizadas en ciclos formativos de grao medio e de grao superior, respectivamente. Para realizar estudos nos centros docentes sostidos con fondos públicos é necesario, ademais de cumprir os requisitos de acceso, **participar nun proceso de admisión.**

Este **proceso** establece un sistema de prioridades na adxudicación de prazas para cada centro educativo e para cada ciclo formativo (e, de ser o caso, de cada módulo profesional), así como os prazos de presentación de solicitudes e de formalización da matrícula.

### **Normativa reguladora do proceso de admisión:**

*ORDE do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas. (DOG 27/06/2016)*

### **Instrucións xerais do proceso de admisión**

(Pendente de publicación na páxina: <http://www.edu.xunta.es/fp/informacion-xeral>)

### **Calendario de admisión:**

#### **Período ordinario de admisión**

**Presentación de solicitudes:** 25 de xuño ao 3 de xullo ás 13:00 horas

Listaxe provisional de solicitudes: 6 de xullo

Reclamación á listaxe provisional: 6 ao 10 de xullo ás 13:00 horas

Listaxe definitiva de solicitudes: 17 de xullo

1ª adxudicación: 17 de xullo

**Matriculación** 1ª adxudicación: 17 ao 24 de xullo ás 13:00 horas

2ª adxudicación: 27 de xullo

Matriculación 2ª adxudicación: 27 ao 31 de xullo ás 13:00 horas

#### **Período extraordinario de admisión**

1ª adxudicación: 4 de setembro

\* Realízase sobre as listaxes de espera do período ordinario.

**Matriculación** 1ª adxudicación: 4 ao 7 de setembro ás 13:00 horas

**Presentación de solicitudes:** 3 ao 11 de setembro ás 13:00 horas

Listaxe provisional de solicitudes: 13 de setembro

Reclamación á listaxe provisional: 13 ao 17 de setembro ás 13:00 horas

Listaxe definitiva de solicitudes: 19 de setembro

2ª adxudicación: 19 de setembro

**Matriculación** 2ª adxudicación: 19 ao 21 de setembro ás 13:00 horas

## **Período de solicitude de matrícula simultánea**

**Presentación de solicitudes\*:** 25 ao 28 de setembro

\*Sempre que existan prazas dispoñibles.

**Matriculación\*** 2 ao 5 de outubro

\*\*Sempre que existan prazas dispoñibles e con resolución positiva do servizo de inspección educativa.

### **Outras accións**

Adxudicación continuada: 25 de setembro ao 29 de setembro

Oferta das prazas vacantes dos módulos de réxime ordinario para o réxime para as persoas adultas:  
2 ao 5 de outubro

*Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente*

### **Consideracións a ter en conta á hora de matricularse:**

#### **Réxime ordinario**

Este réxime está organizado en dous cursos en quendas de mañá e tarde, segundo o horario establecido polo centro educativo

A asistencia ás clases é obrigatoria.

O alumnado que estea en condicións de pasar ao segundo curso ou teña que repetir o curso deberá realizar unha solicitude de admisión. Terá a praza garantida sempre que o curse no ano seguinte e por primeira vez no mesmo centro e ciclo.

#### **Réxime para as persoas adultas na modalidade presencial**

Este réxime está organizado en módulos que se imparten ao longo dos tres trimestres do curso.

A xornada lectiva desenvólvese polo xeral en quenda de tarde-noite.

A asistencia ás clases é obrigatoria.

Nos módulos de ciclos LOE asociados a unidades de competencia o alumnado pode matricularse sen cumprir requisitos de acceso sempre que acredite dous anos de experiencia laboral no ámbito da familia profesional do ciclo formativo.

Para a obtención do título será preciso ter os requisitos de acceso e superar todos os módulos do ciclo formativo.

Cada curso haberá que facer unha nova solicitude de admisión. Aínda que a praza non está garantida, cada módulo superado incrementa a puntuación de participación no proceso de admisión.



## Réxime para as persoas adultas na modalidade semipresencial ou a distancia

Este réxime está organizado en módulos que se imparten ao longo dos tres trimestres do curso.

A asistencia ás titorías e outros eventos formativos presenciais é recomendable, pero non obrigatoria. Si **é obrigatoria a asistencia as actividades de avaliación de cada trimestre**. Para a realización das **actividades** a distancia seguiranse **as instrucións do titor/a do curso**.

Para a obtención do título será preciso ter os requisitos de acceso e superar todos os módulos do ciclo formativo.

Nos módulos de ciclos LOE asociados a unidades de competencia o alumnado pode matricularse sen cumprir requisitos de acceso sempre que acredite dous anos de experiencia laboral no ámbito da familia profesional do ciclo formativo e existan prazas vacantes ao final do proceso.

Cada curso haberá que facer unha nova solicitude de admisión. A praza non está garantida, aínda que cada módulo superado incrementa a puntuación de participación no proceso de admisión.

---

*Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Esta páxina contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente ([acceso a normativa de admisión](#)).*

## Oferta de FP. Curso 2017/2018

Actualmente, a Formación Profesional pódese cursar por curso completo no réxime ordinario, na modalidade presencial –asistindo diariamente ao centro formativo- ou de xeito parcial por módulos formativos no réxime de persoas adultas, nas modalidades tanto presencial como a distancia.

A matrícula parcial por módulos permite que cada persoa deseñe o seu itinerario formativo en función da súa actividade laboral, das cargas familiares ou doutras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais ao longo da vida.

Na seguinte páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp/oferta-fp> podes atopar para o **curso 2018/2019** a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario —grao profesional básico, grao medio e grao superior—, a oferta modular polo réxime de persoas adultas nas modalidades presencial e a distancia, a oferta de prazas da formación profesional dual e a oferta de programas formativos de formación profesional básica.